



Resumo da Xunta de Persoal do mércores 13 de decembro de 2021

Asisten: STEG, CIG, CCOO, FETE-UXT, ANPE e CSIF; incorpóranse o inspector xefe en funcións e a Xefa Territorial

1. Actas pendentes de aprobación

Lense e apróbanse.

2. Posíbel peche do Ceip de Baamonde

Coméntase que non lle constan cambios substanciais a ningunha organización a este respecto.

Dende o STEG, coméntase que se asistiu ás dúas mobilizacións convocadas pola súa comunidade educativa, o 26 de decembro e o 3 de xaneiro respectivamente e que, a elevada participación na mesma, denota un profundo desacordo da comunidade con esta proposta da Alcaldía. Incorpóranse á reunión o inspector xefe en funcións –Miguel Callón- e a Xefa Territorial.

Preguntados por esta cuestión, afirman que a Xefatura non ten constancia de ningunha comunicación ao respecto que puidese iniciar un proceso, neste caso un primeiro paso de “desafectación” do espazo da escola e, chegado o caso, o requerimento á Xefatura Territorial dun informe. Afirman tamén que nese hipotético, a decisión sería en última instancia dende a Consellería en Compostela.

O STEG pide que, independentemente de que non teñan constancia ningunha por parte do Concello de Begonte de concreción de intencións, lle dean traslado a esta Xunta Persoal da súa posición ao respecto, pois algunha terán.

Pregúntaselle ao representante do STEG que opinión, se a política ou a técnica. Dende o STEG pídese unha valoración da Xefatura **en termos educativos**, aquilo que xulgan que é bo ou non para a comunidade educativa de Baamonde.

Intervén o inspector xefe e a Xefa Territorial; afirman que o peche da escola de Baamonde non sería negativo, pois só hai dez minutos ao ceip de Begonte, onde estarían mellor atendidos polo número de profesorado que terían e que, doutra banda, gañaríase unha escola de música alí da que agora non dispoñen. Din que é probábel ademais que o alumnado de Pígara non vaia ir a Baamonde, co cal a previsión de futuro é reducida en canto a número de alumnado para este centro.

Dende as organizacións sindicais maniféstase de novo a posición contraria ao peche. O STEG sinala que este tipo de decisións son moi delicadas e que poden afectar moito máis do que se cré as comunidades ou poboacións afectadas e pide que se valore con moito tino, pois acostuman traer consecuencias difíciles de

predicir. Engade que, á vista das mobilizacións, unha parte moi importante da vila non está dacordo con esta decisión de finalmente concretarse.

Acórdase realizar un novo escrito contrario ao peche, incidindo nos termos xa expostos.

3. Transporte do alumnado do CPI do Courel

O presidente da Xunta de Persoal informa de que a Xefatura, a este respecto, a Xefatura di que é unha decisión que depende de Transportes e non deles. Ao parecer, o propio Conselleiro manifestou estes días que esa cuestión quedaba paralizada. As organizacións sindicais móstranse contrarias aos cambios que se anunciaban nas últimas datas no servizo de transporte, que irían ademais contra a propia actividade económica da contorna do centro educativo, ademais da cuestión fundamental: o empeoramento do servizo e as implicacións e trastornos que isto podería ocasionar, aumentando o tempo de percorrido nalgúns casos, dende a case unha hora, un despropósito que, en todo caso, vai na liña de que o servizo de transporte quede nas mans das grandes compañías.

O STEG propón que a Xunta de Persoal se adhira por unanimidade á concentración convocada pola comunidade educativa do Courel diante da propia Xefatura, prevista para hoxe ás 12 h. da mañá.

Acórdase adherirse á concentración e realizar un escrito apoiando a continuidade do servizo de transporte no Courel nos termos actuais.

4. Varios

Equipos AVA provinciais

O Inspector Xefe dálle traslado ás organizacións sindicais da necesidade de encontrar perfís que puidesen cubrir esta docencia telemática, no caso de que fose necesario e xurdisen casos que así o aconsellasen, anunciando que noutras provincias xa se contactou e se dispón de persoas para desenvolver estas funcións.

Dende a Xunta de Persoal deféndese a conveniencia de que esta “bolsa” de persoas aspirantes se conforme a través dun concurso de méritos, en atención a criterios de publicidade, transparencia e igualdade de oportunidades, que debера ter saído canda a resolución destes equipos.

O Inspector Xefe comenta que, sendo desexábel, isto tería que facerse dende a Consellería e non dende Xefatura.

Intervén STEG e incide en que, descoñecendo os pormenores burocráticos que imposibilitan que se faga do xeito descrito, o desexábel, malia que non teña carácter vinculante nesta ocasión, é garantir ao máximo a información ás traballadoras e

traballadores que puidesen estar interesadas/os, podendo a Xefatura elixir o perfil máis idóneo en base aos criterios axeitados, unha vez garantida correctamente a publicidade do proceso, ben sexa a través dunha circular a todos os centros e/ou un correo masivo ao profesorado, anunciando a apertura do proceso e o perfil que se precisa.

O inspector xefe vai revisar esta cuestión e mirar o mellor xeito de proceder.

Acórdase facer un escrito ao respecto, defendendo as posicións enunciadas.

Ubicación dun avión Falcón propiedade do CIFP As Mercedes nas instalacións do aparcadoiro da EOI de Lugo.

O STEG expón que tivo constancia de que o día 23 de decembro, convocouse un consello escolar para informar da colocación dun avión Falcón no aparcadoiro compartido pola EOI e os conservatorios de danza e música, avión que serve como material educativo para o alumnado do CIFP das Mercedes. Ao parecer, na decisión de colocar o artefacto aí non se contou coa opinión da EOI e moito menos coa dos conservatorios, que non foron nin sequera informados do feito. É mais, parece ser que a decisión xa se tomou hai tempo pero non se comunicou nada ata pouco antes das vacacións de Nadal.

Así, o consello escolar manifestou o seu rexeitamento, principalmente por dous motivos:

- Alteración da actividade educativa xa que, especialmente nestes momentos no que hai que ter as ventás abertas, intúese que o ruído que implicará o traballo do alumnado no avión impedirá o silencio ambiental necesario para un ensino coma, por exemplo, o das linguas.

- Eliminación de case 30 prazas de aparcadoiro. O alumnado provén non só de Lugo, senón de moitas das vilas da contorna, e necesita desprazarse en coche para poder vir á escola. Xa antes de colocación do avión, nas franxas horarias de 18:00 a 20:00, o sitio para aparcar era case inexistente, polo que agora o alumnado que ten que vir en coche terá serios problemas para aparcar.

A este respecto, o Inspector Xefe explicou que aínda non era esa a ubicación definitiva, que ían pechar a zona e abeirala máis a un dos extremos do terreo e que, en todo caso, o alumnado acudiría alí sempre con profesorado e o tipo de actividade que alí se faría non intercedería, en principio, por ruído, etc na actividade da eoi, conservatorios e demais. A este respecto dixo que, en todo caso, se houberse algunha problemática, volveríase valorar outra opción distinta a esta, incluído o uso duns terreos próximos ao propio CIFP, tendo que revisarse en todo caso a cuestión da titularidade.

Non habendo máis asuntos que tratar, péchase a reunión, sendo as 13:20 h.

Lugo, 13 de xaneiro de 2021